

GUÍA DIDÁCTICA PARA O PROFESORADO

DEPORTES ALTERNATIVOS PARA 3º E 4º DE ESO: BALONCESTO 3x3

(Para o ensino da materia de Educación Física)

Maria del Carmen García Fernández

Manuel Mato Landeira



Índice

a) Título do recurso.....	3
b) Materia ou materias e cursos aos que se dirixe.....	3
c) Descrición do recurso.....	3
d) Obxectivos do recurso.....	4
e) Metodoloxía e orientacións didácticas.....	4
f) Avaliación.....	5
f.1) Recursos de avaliación e retroalimentación.....	6
g) Estratexias de atención á diversidade e á convivencia.....	6



a) Título do recurso

“DEPORTES ALTERNATIVOS PARA 3º E 4º DE ESO: BALONCESTO 3x3”

(Para o ensino da materia de Educación Física).

b) Materia ou materias e cursos aos que se dirixe

Educación Física en galego nos curso 3º e 4º da Educación Secundaria Obrigatoria (ESO). Este recurso, ademais, pode ser empregado con alumnado de 1º e 2º da ESO e de 1º de Bacharelato para introducir e/ou reforzar contidos incluídos no currículo dos tres niveis, coas adaptacións que o profesorado considere oportunas.

c) Descrición do recurso

Este recurso inclúe unha Unidade Didáctica (en adiante UD) en formato dixital cos seus correspondentes proxectos.

Esta UD é unha concreción do Bloque II: Xogos e Deportes, da materia de EF regulada no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG Núm. 120. Luns, 29 de xuño de 2015).

Pode ser empregada polo profesorado na clase para presentar contidos teóricos, tamén para comprobar que o alumnado comprende os aspectos teóricos incluídos na UD e, finalmente, para que o alumnado afiance na casa ou na aula estes contidos e realice a avaliación correspondente.



d) Obxectivos do recurso

Tal e como aparece no título do recurso, o **obxectivo xeral** é que o profesorado dispoña de materiais para o apoio á súa docencia e tamén de execución final para o alumnado, que colaboren ao proceso de ensinanza-aprendizaxe en galego da materia de Educación Física para os niveis de 3º e 4º de ESO.

O obxectivo xeral indicado máis arriba, ten a súa concreción nos seguintes **obxectivos específicos**:

- Dispor de materiais para que o profesorado que ensina a materia de Educación Física en galego (en adiante profesorado), presente os contidos da materia de Educación Física (en adiante EF) dun xeito correcto e ordenado.
- Ofrecer ao profesorado a posibilidade de editar ditos materiais de tal xeito que se adapten á súa práctica docente e ao grupo ou grupos de estudantes, segundo o seu ritmo de traballo e aprendizaxe, e tamén ás súas demandas e intereses.
- Pór a disposición do alumnado o uso directo deste recurso, ben sen cambios ou con aqueles que o seu profesorado vexa oportunos. O alumnado pode traballar no centro educativo ou na súa casa, xa que as tarefas están explicadas, o uso do recurso é sinxelo e os coñecementos previos xa foron introducidos e traballados a nivel práctico nas clases de EF.
- Empregar as tecnoloxías como un recurso máis na materia de EF, servindo como elemento de reforzo de aprendizaxes para o alumnado e tamén de comunicación entre iguais e co profesorado, xa que sempre en cada Unidade Didáctica (en adiante UD), hai aspectos de retroalimentación.
- Facer co-partícipe ao alumnado do proceso de ensino-aprendizaxe, establecendo os contidos que ten que adquirir en cada UD e tamén como protagonistas da fase de avaliación. Concretamente, sempre haberá un ou varios cuestionarios de autoavaliación e/ou co-avaliación, onde o alumnado terá que reflexionar sobre o traballado e aprendido. Isto será o punto de partida para seguir co currículo da materia de EF.

e) Metodoloxía e orientacións didácticas

A **perspectiva metodolóxica** deste recurso é a que emana do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, onde se di que cada estudante ten que desenvolver ao



máximo as súas potencialidades e que tamén considera a CAA como unha das competencias transversais a todas as materias do currículo da ESO.

Partindo destas premisas, o alumnado é protagonista da súa aprendizaxe, tendo como situación óptima que, neste momento do proceso de ensino-aprendizaxe, e grazas á nosa proposta, poida ser autónomo afianzando e/ou ampliando os coñecementos adquiridos nas sesións de EF.

Polo tanto, estas serían as **orientacións didácticas** a seguir:

1. Os contidos son presentados e traballados na aula, sempre dende a práctica, xa que ese é o enfoque da materia de EF.
2. O profesorado vai introducindo paulatinamente, as distintas ferramentas e tarefas que compoñen esta proposta, a modo de explicación ou reforzo do que se está a aprender.
3. O alumnado, na clase, e en períodos curtos de tempo, vai facendo algunha das actividades da proposta.
4. Ao remate de cada UD, o profesorado presenta a proposta completa, a modo de resumo do traballado e como parte da avaliación.
5. O alumnado traballa na proposta, individualmente e/ou en grupos, co apoio do profesorado, que soluciona dúbidas, escoita propostas, etc.
6. O alumnado presenta o seu proxecto e desenvólveo na práctica.
7. O alumnado, preferentemente individualmente, cubre o cuestionario de autoavaliación, e valora a súa aprendizaxe.

f) **Avaliación**

Utilizaranse distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función da actividade ou tarefa: cuestionarios, enquisas, gravacións de son e vídeo, escoitar e repetir, recoñecer, etc.

O tipo de avaliación será triplo:

- Autoavaliación: o alumnado avaliará a súa aprendizaxe e realización das tarefas. Ao final de cada UD cada estudante cubrirá o cuestionario de autoavaliación, referido ao nivel de desenvolvemento das actividades e de coñecemento dos contidos incluídos nela.
- Coavaliación: cando a tarefa sexa en parellas ou en grupo, cada estudante avaliará o traballo desenvolvido pola súa parella ou polo grupo.



- Heteroavaliación: o profesorado acompañará o proceso de aprendizaxe, introducindo contidos e actividades, e establecendo os mecanismos de adaptación convenientes. Ao concretar o resultado nun proxecto final, o profesorado valorará dito resultado, tendo en conta os dous tipos de avaliación anteriores.

f.1) Recursos de avaliación e retroalimentación

Utilízanse distintos **procedementos e instrumentos de avaliación** en función da actividade ou tarefa.

- Algúns destes instrumentos de avaliación, están feitos directamente dende ExeLearning (resposta curta, opción múltiple, emparellar, preguntas para a reflexión, enlaces externas...). Neste caso, o alumnado recibe a retroalimentación nada máis rematar cada actividade, podendo repetila as veces que o necesite.
- Outros están creados con ferramentas externas (como cuestionarios de Google docs, gravación e edición de vídeos, proxectos). Deste xeito, será o profesorado quen corruxirá e dará respostas a estas tarefas.

g) Estratexias de atención á diversidade e á convivencia

As estratexias de **atención á diversidade e á convivencia** concrétanse nas seguintes medidas:

- A UD inclúe actividades en parellas ou en grupo e que, para o seu desenvolvemento, precisan **estratexias de mediación** (definición do/s proxectos, fases, tarefas individuais, recursos, etc.) que dan cabida ás capacidades e habilidades individuais, e que colaboran ao resultado final dun xeito positivo.
- A **co-aprendizaxe** é un aspecto necesario e case imprescindible nesta metodoloxía de traballo. Na fase de proxecto, é o alumnado quen ensina e aprende, sempre contando co asesoramento e seguimento do profesorado.
- As actividades incluídas no recurso, pode **repetilas** as veces que considere oportunas o que permitirá ao alumnado consolidar os contidos e adquirir as competencias necesarias para completar o proxecto final.
- A UD inclúe un apartado de “máis recursos”, que son actividades de ampliación que permiten ao alumnado consolidar e/ou afondar nos contidos e competencias que se precisan para realizar



cada proxecto ou tarefa final. Tamén serve para coñecer contidos novos e desenvolver competencias que lles servirán ao longo da súa vida.